

DECRETO CONVOCATORIA XGL. EXPTE Nº: 2025/G005/000037.

Excmo. Sr. D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, Alcalde Presidente do Excmo. Concello de Lugo.

En virtude das atribucións que me confiren os artigos 124.4.d) do texto vixente da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 61.1.c) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, **CONVOCO** sesión da **Xunta de Goberno Local**, que terá lugar no SALÓN DE COMISIÓNS o vindeiro **mércores, día 17 de setembro de 2025, ás 10:00**, de acordo coa seguinte orde do día confeccionada para o efecto:

ÁREA DE GOBERNO DE XESTIÓN INTEGRAL DE RECURSOS INTERNOS, URBANISMO E DEPORTES E XUVENTUDE

CONTRATACIÓN E PATRIMONIO

1. CONTRATACIÓN DA OBRA DE PAVIMENTACIÓN DE BEIRARRÚAS NO POLÍGONO INDUSTRIAL DO CEAO, REF. 2025/C002/000020. ADXUDICACIÓN.

2. CONCESIÓN DEMANIAL PARA O USO PRIVATIVO PARA A EXPLOTACIÓN DO SERVIZO DE CAFETERÍA SITA NO COMPLEXO DEPORTIVO DA PISCINA MUNICIPAL CUBERTA DO PARQUE DA MILAGROSA. APROBACIÓN DOS PREGOS DE CONDICIÓNS TÉCNICAS E DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES, ASÍ COMO DA ADXUDICACIÓN POR PROCEDEMENTO ABERTO. APERTURA DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN, EXP. REF. 2025/C012/000004.

3. CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE ACTIVIDADES LÚDICAS PARA NENOS E NENAS NO MERCADO MUNICIPAL, EXP. REF. 2024/C003/000011. PRIMEIRA PRÓRROGA DENDE O 23 DE SETEMBRO DE 2025 AO 22 DE SETEMBRO DE 2026.

4. CONTRATACIÓN DA OBRA DE MELLORA DE DOUS CAMIÑOS MUNICIPAIS EN BELESAR (SAN XOÁN DO CAMPO) E SEGADE (TEIXEIRO), LUGO. OBRA INCLUÍDA NO PLAN CAMIÑA RURAL 2025-2026 DA AXENCIA GALEGA DE

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refº: ispac4933892142839805055.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 17-10-2025

DESENVOLVEMENTO RURAL (AGADER), EXP. REF. 2025/C002/000023. APROBACIÓN DO PROXECTO DE OBRA E DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS, ASÍ COMO DO GASTO E A ADXUDICACIÓN POR PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO. APERTURA DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN, EXP. REF. 2025/C002/000023.

FACENDA LOCAL

5. ESCRITO PRESENTADO SOLICITANDO A REVISIÓN DA LIQUIDACIÓN PROVISIONAL Nº 12592379 EN CONCEPTO DA TAXA POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS URBANÍSTICOS E POLO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCIÓN, INSTALACIÓNS E OBRAS.

6. PROXECTO DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL XERAL.

7. PROXECTO DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL NÚMERO 200, IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS TRACCION MECÁNICA.

8. PROXECTO DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL NÚMERO 203 REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES.

9. PROXECTO DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA NÚMERO 406, REGULADORA DO SERVIZO MUNICIPAL COMEDOR ESCOLAR NOS CENTROS PÚBLICOS DE EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA.

ÁREA DE GOBERNO DE PARTICIPACIÓN E SERVIZOS PARA A VECIÑANZA

ARQUIVO

10. VALIDACIÓN DE OMISIÓN DA FUNCIÓN INTERVENTORA NO PAGAMENTO DE TAXAS DE REPRODUCCIÓN E PUBLICACIÓN/DIFUSIÓN DO ARQUIVO HISTÓRICO PROVINCIAL DE LUGO.

PARTIPACIÓN E ATENCIÓN CIDADÁ

11. APROBACIÓN DAS BASES DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIONES COMPETITIVAS 2025 DA ÁREA DE PARTICIPACIÓN E SERVIZOS PARA A VECIÑANZA, DIRIXIDAS A ASOCIACIÓNS VECIÑAIS QUE REALIZAN ACTIVIDADES NA ESFERA DA PARTICIPACIÓN SOCIAL.

MOCIÓN, COMUNICACIÓN E PROPOSICIÓN

ROGOS E PREGUNTAS

O que se comunicará ós membros da Xunta, coa remisión da convocatoria e coa indicación de que, no caso de non poder asistir, deberán comunicarllo á Alcaldía coa antelación suficiente. A documentación dos asuntos incluídos na orde do día atópase a disposición dos membros da Xunta, a partir da data desta convocatoria, no Servizo de Actas e Goberno.

Así mesmo, ó abeiro do disposto no artigo 126.5 da Lei 7/1985, convóquese á sesión ó Vicesecretario accidental, como órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, e ó Interventor Xeral Municipal.

Para os efectos da válida constitución da Xunta de Goberno Local, estarase ó disposto no artigo 126 da Lei 7/1985 e 16.4 do Regulamento orgánico municipal do goberno e administración do Concello de Lugo. De non se poder celebrar a sesión por falta do número legal de asistentes, a maioría absoluta dos seus membros, terá lugar en segunda convocatoria, unha hora despois da sinalada para a primeira, sempre que o número de asistentes non sexa inferior a un terzo dos seus compoñentes, que non poderá ser inferior a tres.

Cúmprase.

Asinado dixitalmente polo Alcalde-Presidente,